

Só podo dicirvos que a miña vida persoal e profesional está vinculada ao galego. Comecei a falar na lingua do meu país aos 13 anos, tiven que normalizala eu soíña xa que na escola como no instituto non era a lingua normal dos mestres e moito menos dos libros de texto. Eu non podo dicir que estou orgullosa, que tamén, o que estou é agradecida. Estiven en Chequia, Alemaña, Brasil, Israel, Bélxica, Francia, Suecia, Luxemburgo, Italia, Marrocos, Portugal, Cataluña, Suíza, Hungría, Croacia, Eslovenia, Madrid, Salamanca, Cádiz, España en xeral, Reino Unido, Escocia, Irlanda, etc..... Sempre en galego e grazas ao galego. Non se é unha artista internacional ininterrompidamente durante toda unha carreira musical grazas á calidade persoal, hai moita xente boa neste mundo global, senón a un xeito de entender a ledicia, a forza, a un xeito peculiar de compoñer, sumado a unha desinhibición corporal adquirida grazas a ter gozado do trance máis telúrico que poida ter o xénero humano, a relación entre nós mediante o baile, a palabra e a percusión. Agora mesmo estou preparando un novo traballo, todo en galego, xurdido do máis profundo de min mesma, pero creo que é de lei dárvo-las grazas a tod@s por terme acollido nas vosas casas, ensinado uns valores humanos en perigo de extinción coa naturalidade de ser quen sodes.

Un saúdo agarimoso.

Mercedes Peón
Cantante

DO GALEGO